

A contribución ao proceso de normalización lingüística de partidos políticos, sindicatos, institucións e asociacións que desenvolven o seu labor na cidade da Coruña. I

A reivindicación da lingua galega nas décadas de 1960 e 1970

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI
Instituto da Lingua Galega da USC

No proceso de dignificación e recuperación do uso público da lingua galega que tivo lugar na segunda metade do século XX hai datas de gran simbolismo. No plano sociocultural ten un especial simbolismo o 25 de xullo de 1950, día en que uns intelectuais galeguistas fundaron a Editorial Galaxia, co fin de entroncaren coa tradición literaria e intelectual anterior a 1936. Tamén é ben simbólico o 17 de maio de 1963, data en que a Real Academia Galega celebrou o centenario dos *Cantares gallegos* de Rosalía e institucionalizou o Día das Letras Galegas, que desde hai anos moita xente cuestiona polo presunto «folclorismo» da celebración, polo contido necrolóxico e funerario no canto de homenaxear escritores vivos, por celebrarse en día festivo co que se perdeu a pulsión que tería de ser en día laboral...

Evidentemente o Día das Letras xa non é o que era; pero é incuestionable o seu papel simbólico nos anos 60 e comezos dos 70, pois nesa época a desprezada lingua e cultura galega, aínda que só fose o 17 de maio (ou uns días antes e despois), podía saír do gueto e exhibirse publicamente. Ese Día foi a desculpa de tantas asociacións culturais para faceren actos en galego, e sobre Galicia, cun claro contido reivindicativo.

O ano de 1963 ben podería considerarse unha especie de *annus mirabilis*, pois á parte do nacemento do Día das Letras, en 1963 constitúese a Fundación Penzol, publícase o nº 1 da revista *Grial*, créase Edicións do Castro e na Coruña nace ‘O Facho’, probablemente a asociación cultural con maior actividade sociocultural na xeira franquista, cun labor ininterrompido nas décadas seguintes. Poucas asociacións fixeron tanto por exhibir e dignificar o galego coma ‘O Facho’, e precisamente aquí, na Coruña. Nese mesmo ano, o 23 de agosto, fúndase o Partido Socialista Galego (PSG), aínda que desde unha perspectiva sociopolítica é moito máis relevante, simbolicamente, o 25 de xullo de 1964, data da fundación da Unión do Pobo Galego (UPG). Trátase de dous partidos nacionalistas que desde a súa orixe van usar e defender unha plena oficialización do galego, especialmente a UPG.

O ano 1972 é moito máis ca unha data simbólica no proceso de recuperación da restauración do uso público do galego. Os conflitos sociais vividos en marzo dese ano en Ferrol e Vigo, e logo en maio e setembro en Vigo, con ampla repercusión social en Ferrolterra e na comarca viguesa –e tamén na Universidade compostelá, que estivo fechada un par de meses–, eses conflitos foron o xermolo do sindicalismo nacionalista e da organización política do nacionalismo de esquerdas, á marxe dos modelos sindicais e políticos dinamizados polo Partido Comunista Galego (PCG) –rama galega do Partido Comunista de España (PCE)–, á vez que converten Galicia no centro do novo sindicalismo que agromaba en España. A consciente utilización pública da lingua galega polas organizacións políticas e sindicais nacionalistas (de esquerdas) neses anos 70 fará que a finais desa década os partidos e sindicatos de ámbito estatal acaben galeguizándose lingüisticamente, polo menos usándoo por escrito nos voceiros e oralmente en actos públicos.

No panorama que presento como introdución á «contribución ao proceso de normalización lingüística de partidos políticos, sindicatos, institucións e asociacións que desenvolven o seu labor na cidade da Coruña» voulle dar maior relevo ó que ocorreu na década de 1970, porque nela está a semente do que dun xeito ou doutro agromou e medrou nos case 25 anos de etapa autonómica.

1. O MOVEMENTO ASOCIATIVO E A REIVINDICACIÓN CULTURAL DO GALEGO

Na década de 1960 o nacionalismo fixo visible e tratou de dignificar o galego por medio dunha fronte político-cultural pluralista formada por asociacións culturais que, como cogomelos no outono, ían aparecendo por todo o territorio galego. Para Xosé Manuel Beiras estas asociacións tiñan unha dobre valencia: «unha, a propia dunha fronte cultural, inserida no tecido social e coa máxima difusión posíbel nas camadas populares; e, segunda valencia, utilizar esas asociacións culturais como tapadeiras ou coberturas dunha acción clandestina máis ou menos organizada» (Fernán-Vello/ Pillado 1989: 147).

A primeira que se creou foi a Agrupación Cultural ‘O Galo’, en 1961, en Santiago, que tivo como precedente grupos literarios coma o ‘Brais Pinto’, que en 1958 fundaran en Madrid estudantes nacionalistas galegos, ou a ‘Mocidade Galega’ de Barcelona, de 1960. En decembro de 1963 nace ‘O Facho’ na Coruña e uns meses despois esta asociación iniciaba un curso de lingua galega e en 1968 un concurso anual de contos infantís, tamén en galego, e posteriormente un concurso de teatro infantil e de poesía. En 1965 créase a ‘Asociación Cultural de Vigo’, responsable do programa *Raíz e tempo*, a primeira emisión radiofónica en galego da posguerra e que en 1968 impulsou a difusión nos automóbiles de autocolantes cos lemas ‘Falemos galego’ e ‘Escola en galego’. En 1967 fúndase ‘Amigos da Cultura’, de Pontevedra, que tanto fixo no ensino da lingua e literatura galega para mestres nos anos 70, á vez que usaba o galego na radio e en traballos de etnografía e dereito. De 1967 tamén é ‘Auriense’, de Ourense, onde en 1970 se crearía a agrupación ‘Breogán’; e de 1969 é ‘Abrente’, de Ribadavia, que tanto pulou polo desenvolvemento do teatro en galego.

Nos anos 70 apareceron asociacións culturais en vilas, como ‘Francisco Lanza’ en Ribadeo, ‘Solpor’ en Celanova, ‘Choupos’ en Verín, ‘Sementeira’ en Viveiro, ‘Afonso Eáns’ en Negreira, ‘Vento Mareiro’ en Cambados, ‘Dorna’ na Illa da Arousa... e outras nas cidades, como ‘Alexandre Bóveda’ na Coruña ou ‘Valle Inclán’ en Lugo. Algunhas destas asociacións seguen activas hoxe en día, caso de ‘Afonso Eáns’ de Negreira, de ‘Dorna’ da Illa da Arousa, da compostelá ‘O Galo’ ou da coruñesa ‘Alexandre Bóveda’, da que temos o seu presidente nesta mesa redonda.

Segundo García Martínez, cofundador do Museo do Pobo Galego, e García-Bodaño, cofundador de ‘O Galo’, a finais dos anos 70, as asociacións culturais, que naceran nunhas condicións ben diferentes, estaban nunha «situación aparentemente crítica, xa que moitas delas foron dinamizadas e utilizadas como lóxica canle de expresión política por diversos partidos». As principais liñas da actividade do asociacionismo cultural da posguerra poderían sintetizarse deste xeito: a) contribución á normalización da cultura e do idioma galego, b) contribución á afirmación nacional do pobo, c) difusión cultural a niveis populares, d) denuncia das agresións á cultura e ás liberdades sociopolíticas, e) canle e expresión da oposición á cultura oficial ou a certos aspectos da cultura oficializada (García Martínez / García-Bodaño 1978: 420). Na etapa autonómica o nacionalismo político e sindical seguiría impulsando asociacións, como ocorreu co Clube Cultural ‘Adiante’ nos anos 80, pulado pola central sindical CXTG-IN.

Por outra parte, á marxe de partidos e sindicatos, fóronse creando asociacións ben diferentes daquelas dos anos 60 e 70, pero que comparten con elas a loita pola utopía dunha Galicia onde o uso do galego sexa plenamente normal. Entre elas está a «Asociación Cultural Monte Blanco», creada en 1982 na parroquia de Cospindo (Ponteceso), que nos últimos anos moito leva feito por espallar a literatura e a música galega; ou o desaparecido ‘Batallón Literario da Costa da Morte’, que nos anos 90 foi, sen dúbida ningunha, un dos colectivos máis activos na difusión da poesía galega dos «novos» (e dos «moi novos») nuns anos en que os poetas levaron os seus versos a pubs, a centros de ensino e a

moi diversas prazas públicas. Houbo por toda Galicia o que a poeta Lupe Gómez chamou «representacións duns corpos –dos poetas– fronte aos corpos de quen escoitan». E actualmente segue a haber esas representacións, do que son boa proba os recitais da asociación de intervención sociocultural Redes Escarlata creada no 2001 por xente do ámbito do nacionalismo.

Polo que respecta ás comarcas estremeiras –a Galicia chamada «irredenta» polos vellos galeguistas–, antes da década de 1980 non se crearon asociacións reivindicadoras da galegitude lingüística e cultural. Van xurdir nos anos 80 ante a total desprotección e o xeral desleixo tanto da Xunta de Galicia coma do Principado de Asturias e da Junta de Castela e León.

No Eo-Navia creouse en 1986 o Grupo de Eilao Pro-Defensa da Nosa Lingua, que se autodisolveu en 1988 na Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca (MDGA). No Bierzo galegófono fundouse en 1986 a Asociación Cultural «Escola de Gaitas de Vilafranca», que desde os seus inicios se centrou na recuperación da música e das festas tradicionais (en especial a «Festa do Maio») e que en 1990 participou na creación da Mesa pra Defensa do Galego do Bierzo e da Cultura da Comarca (MDGB). E nas Portelas de Zamora a reivindicación da lingua e da cultura propias levouna a cabo, desde os anos 80, a Asociación Cultural «Xente Nova» de Lubián (Fernández Rei 2003: 381-391).

No que respecta á lingua propia dos somontes da serra de Gata en Cáceres, onde, como ben dixo Lindley Cintra, se usa un «falar também esencialmente galego», a recuperación e a dignificación do uso desa fala ten un fito senlleiro na constitución en 1991, nas Ellas, da ‘Asociación Fala i Cultura do Val do Riu Ellas’, que promove a recuperación e plena normalización da fala dos tres concellos do val. Nos estatutos fundacionais defínese esa fala como «galego de Estremadura» (Costas González 1999: 100).

2. O NACIONALISMO E A REIVINDICACIÓN POLÍTICA DO GALEGO

Nos anos 70 foi fundamental o papel que tiveron os partidos e organizacións da esquerda nacionalista, particularmente a UPG e as diversas plataformas culturais, sindicais e políticas que creou e dinamizou. En 1965 aparece o nº 1 do voceiro clandestino *Terra e Tempo* –a primeira revista escrita integramente en galego na posguerra– cos 10 principios mínimos da UPG: o primeiro dicía que «Galicia é unha nación, e como tal ten dereito á súa autodeterminación», mentres que o noveno explicitaba a utopía da oficialidade e obrigatoriedade da lingua galega («O idioma oficial de Galiza será o Galego, de ensino obrigatorio»).

Consonante con este principio nº 9, a UPG levará a cabo na década de 1970 unha radical defensa social do galego, e non unicamente cultural, do que é boa proba o uso exclusivo no seu voceiro *Terra e Tempo* (desde 1965) e en publicacións especializadas, como os *Cuadernos de Educación Política*, o voceiro *Galicia Emigrante* e o órgano inter-

no *Canle*, xunto con pequenos cadernos monográficos ou os boletíns de agrupacións locais do partido, como *Adiante* en Vigo, *O Mallo* en Madrid e *Berro* en Barcelona.

En palabras de Méndez Ferrín (1977: 44), a irrupción da UPG supuxo un dobre revulsivo, pois por unha parte «apresentou, anovado, cuns contidos de esquerda revolucionaria, o nacionalismo; por outra banda, impulsou un activismo político *de masas* de carácter galeguista, cousa descoñecida dende os anos da República e que se fai evidente a partir dos conflitos de Castrelo de Miño e da fábrica de Barreras, en 1966, intre no cal aparece por primeira vez un panfleto en galego, con contido nacionalista, incidindo na clase obreira». E cando no verán de 1968, a UPG convoca unha Concentración Nacional en Compostela para conmemorar o Día da Patria Galega, o chamamento faise con panfletos en lingua galega, tanto os da UPG como os da Liga Democrática Galega (LDG), plataforma unitaria que en Vigo agrupaba toda a oposición antifascista, bardante o PCE.

No referente ás publicacións de organismos dinamizados pola UPG algunhas tiveron neses anos 70 unha gran difusión, como *Eixo*, que chegou a tirar 20.000 exemplares e que era o órgano da Intersindical Nacional Galega (ING), creada en novembro do 1972 despois dos conflitos obreiros de Ferrol e Vigo dese ano.

Outras publicacións relevantes foron *Fouce*, voceiro das Comisiós Labregas, fundadas no 1973; *Lume*, de Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA), organización estudantil que nacera en febreiro de 1973 despois das folgas compostelás do ano anterior; *Alento*, eficaz boletín informativo da Unión de Traballadores do Ensino de Galicia (UTEG) creada en 1974; *Norde*, órgano do Sindicato Galego dos Traballadores do Mar (SGTM), fundado no 1976. A Asamblea Nacional-Popular Galega (AN-PG), que se creara ese mesmo ano, comezou a editar en xaneiro de 1976 o mensual *Boletín AN-PG*, que pasaría a denominarse *Ceibe* a partir do nº 5 e que tivo moita difusión neses anos (Fernández Rei 1990: 54-55).

Ademais, militantes da UPG en Portugal empregaban o galego nun programa semanal de 30 minutos, en que se daba información e se facían comentarios políticos. Esa emisión, a través das ondas de Radio Clube Portugués do Porto, comezou en decembro de 1974 e interrompeuse no Entroido do 1975, despois dunha protesta diplomática (Rivas / Taibo 1977: 100).

O PSG comezou editando no outono do 1965 unha revista bilingüe *Adiante*, onde se afirmaba «Non somos nacionalistas porque non somos reaccionarios». A presión da UPG fixo que este partido socialista adoptase «dun xeito progresivo e firme posicións de intransigente nacionalismo e de inspiración marxista» (Méndez Ferrín 1977: 44), o que explica que o seu novo voceiro *Galicia Socialista* (novembro do 1976) xa estea integramente en galego. O PSG, antes de ser legalizado, editaba, tamén en galego, os *Cadernos de formación* con textos e referencias de especial interese para o historiador.

O independentista Partido Galego do Proletariado (PGP), creado en 1978 dunha escisión da UPG, empezou a editar en xullo de 1978 o voceiro *Sempre en Galicia*; e de decembro de 1982 a finais de 1985, militantes do ilegal PGP publicaron a revista *Espiral. Periódico independentista*.

A finais de 1977 constitúese o Partido Obreiro Galego (POG), onde converxera xente que viña do nacionalismo de esquerda e de partidos de ámbito estatal, formación que en 1980 se autodisolveu en Esquerda Galega (EG). Este partido a comezos dos 80 levou a cabo a campaña *Oficializa o teu idioma: escrebe galego*, para a que se redactaron caderniños con vocabularios de oficios e profesións. EG rexistrou o primeiro documento en galego na historia do Parlamento de Galicia. Tratábase dunha *Proposición de lei de normalización lingüística*.

O feito de os nacionalistas usaren de xeito exclusivo o galego nas diversas publicacións e panfletos e en todo tipo de conferencias e actos públicos, provocou un grandioso avance na visibilidade e na presenza pública do idioma. Non ten sentido entrarmos agora a valorar a calidade do idioma usado, porque quen máis quen menos daquela eramos analfabetos no noso propio idioma. Todos cometemos erros, todos nos fomos alfabetizando co uso diario; e todos seguimos a aprender e a construír a patria da lingua literaria, seguindo o ronsel de tantos escritores desde o Rexurdimento.

3. A GALEGUIZACIÓN DAS ORGANIZACIÓNS DE ÁMBITO ESTATAL

A dinámica imposta nos anos 70 polo nacionalismo de esquerdas, que politicamente defendía o dereito á autodeterminación da nación galega e que lingüisticamente reclamaba a plena oficialización do idioma propio de Galicia, fixo que as organizacións estatais se enfrontasen coa «cuestión nacional», polo que galeguizaron o seu discurso político e asumiron, en certo modo, o seu uso público.

A esquerda estatalista, en xeral, defendía o Estatuto de 1936, que o nacionalismo consideraba superado, e defendía, en principio, o bilingüismo, con uso escrito de castelán e galego. Logo acabará usando só o galego, polo menos en público e nos seus diferentes voceiros.

En palabras de Méndez Ferrín (1977: 44), «a teimuda persistencia da UPG na area política da oposición ó rexime de Franco –en contradición cos agoireiros que levan xa catorce anos dándoa por morta– foi condicionando a tódolos partidos da esquerda sucursalista até obrígalos a definicións de galeguidade en diferentes degraos, e mais a impólo galego como verdadeira lingua oficial de conspiración antifascista».

Neses anos 70 a dinámica política marcouna a dicotomía nacionalismo / españolismo, da que a UPG e PCG eran os principais expoñentes, por seren as dúas forzas con maior peso político e incidencia social. A lingua dos panfletos do PCE era o castelán, e no programa «Dende Ribadeo a Tui», que a emisora Radio Pirenaica dedicaba a Galicia, case non tiña presenza o galego; e de usarse era de maneira «mais ben folclórica e enxebrista como correspondía naqueles anos ós plantexamentos pouco ou nada galeguistas do PCE», como ten sinalado Conde Muruais (1978: 444).

Segundo este xornalista, o comunismo de dependencia estatal mantivo «por moito tempo unha alleante postura segundo a cal os obreiros non entendían o galego e lelo aínda

moito menos. Como se os obreiros non procederan, en boa medida, das zonas rurais e, polo tanto, non estiveran instalados no idioma galego. O caso foi que os panfletos de Ferrol, as octavillas de Vigo, os primeiros voceiros que se tiraban ás agachadas en vietnamitas ou multicopistas están, durante moito tempo, redactados en castelán. Trátase dun fenómeno político moi singular no que a esquerda galega, sin se decatarse ou conscientemente, colaborou no mantemento da diglosia dun xeito case semellante a como o facía, paralelamente, a burguesía» (Conde Muruais 1978: 447).

Na axitada primavera compostelá de 1968, que se iniciou uns meses antes do famoso «maio francés», o nº 25 do *Boletín de los Estudiantes de la Universidad Gallega*, en que se analizaba o movemento estudantil, aparecía en versión castelá e galega. Os dinamizadores da primavera do 68 de Santiago eran estudantes vencellados co PCE e coa Asociación Democrática de Estudiantes (ADE) que se creara en 1966, e que en marzo do 68 pasou a ser Asociación Democrática de Estudiantes Galegos (ADEG). Nesta organización «convivían tendencias nacionalistas de esquerda e cristiáns progresistas, cunha decidida dependencia orgánica do FLP [Frente de Liberación Popular] español» (Méndez Ferrín 1988). Meses despois, ADEG súmase, tamén cun texto bilingüe, á concentración do 25 de xullo de 1968 en Compostela, convocada pola UPG.

O PCG comezou a editar en xaneiro de 1969 o seu voceiro *A Voz do Pobo*, que primeiro eran unhas folliñas adxuntas a *Mundo Obrero* (voceiro do PCE), con escaso uso do galego, pero que logo pasou a ser xornal á parte e só en galego. Na Coruña, o seu comité local editaba o voceiro *Escoita* e o de Ferrol tiraba *En pé*. O órgano das Xuventudes Comunistas era *Alento* e *Folga* o da Organización Universitaria do PCG.

O Movimiento Comunista de España (MCE), que nace en 1966 e 1967 como escisión de ETA, en Galicia converteuse en MCG en 1976. O seu voceiro *Galicia en loita. Voceiro da organización galega do Movimiento Comunista de España*, que aparece en 1974, tiña a mesma información a dobre columna, en castelán e galego, para logo empregarse un ou outro idioma nas páxinas dos voceiros. A partir do nº 11 esa publicación é monolingüe en galego.

O Partido Socialista Obrero Español (PSOE) practicamente non existía en Galicia nos anos 70, polo que a súa contribución á restauración do uso do galego é practicamente nula. A Federación Gallega do PSOE histórico, para a que o idioma galego era totalmente estraño, «o tema rexional» resolveríase cunha descentralización administrativa e coa elaboración de estatutos de autonomía para todas as rexións que o solicitaran (Rivas / Taibo 1997: 185). O PSOE renovado en Suresnes en 1974, que en Galicia pasou a ser Federación Socialista Galega (FSG) apenas tiña presenza; pero en 1978 vaise integrar nese partido o Colectivo Socialista Galego, formado por nacionalistas escindidos do PSG de Beiras. Cando o secretario xeral do partido era Paco Vázquez, ese sector que procedía do ámbito nacionalista impulsou o xornal mensual *O Socialista Galego*, integramente na lingua de Rosalía, do que só se editaron tres números nos meses finais de 1978.

O contrapunto a esta galeguización dos partidos estatais eran os anarquistas e a dereita, que non asumían o problema nacional galego e que usaban o castelán de xeito

xeral. Con todo, na Coruña houbo nos anos 70 un grupo anarquista que editaba a revista bilingüe *Colectivo-Denuncia*, á vez que o Grupo Anarquista Campesiño, no verán do 1976, usaba o galego nas súas monografías e propugnaba a loita contra «a imposición dunha cultura e dun idioma alleos ao Pobo Galego».

4. A MÚSICA E AS PUBLICACIÓNS NON PARTIDARIAS

Na exhibición e dignificación do galego a finais dos 60 e nos 70 tiveron un relevante papel cantautores e determinados grupos. De 1967 a 1971 é a época dos ‘Voces Ceibes’, que nos seus comezos só tivo o apoio político do PCE (e do PCG) e que se presentaron como grupo nun recital celebrado o 26 de abril do 1968 na Facultade de Medicina compostelá. Os ‘Voces Ceibes’, en palabras de Freixanes (1978: 520), non sabían cantar, pero recollían as inquedanzas da súa xeración «e, a pesares das eivas técnicas e artísticas, conectaban cun público novo a partires da súa propia linguaxe». Algúns destes cantautores consideraban a música como ferramenta de acción política e axitación social, de aí que musicasen e popularizasen a poesía social de autores como Cabanillas ou Celso Emilio. Este compromiso político provocou multas e prohibicións por temor a que se crease en Galicia un movemento como o da *nova cançó* dos Países Cataláns. Cando en 1968 actuou en Compostela o cantautor Raimon, unha das figuras deste movemento catalán, as letras do recital circularan impresas en catalán e en galego.

Con todo, cómpre ter en conta que na súa orixe os ‘Voces Ceibes’ non foron unicamente un movemento de cantautores, senón tamén de poetas novos e de xentes vencelladas dalgún xeito á cultura, que contaron co apoio de homes de xeracións anteriores como Alonso Montero, Costa Clavell, García-Bodaño ou Manuel María (Freixanes 1978: 521). Para neutralizar este movemento reivindicativo dos fillos da pequena burguesía que cantaban en galego, desde Madrid impulsáranse as figuras de Juan Pardo e de Andrés Dobarro. En 1971 a música comercial d’ *O tren* de Andrés Dobarro escoitábase en todas partes, dentro e fóra de Galicia, estaba nos primeiros postos do ‘hit parade’ e soaba en todas as emisoras de radio. Outras cancións de Andrés Dobarro, con textos de Xavier Alcalá, tamén tiveron éxito neses anos. E o mesmo ocorrería con Juan Pardo, que musicaría, entre outros, poemas de Cabanillas, cando á xente de ‘Voces Ceibes’ que seguía en activo aínda se lle poñían atrancos por cantaren textos do autor de *Vento mareiro*.

Na segunda metade dos anos 70 cómpre salientar o papel do fenómeno musicocultural Fuxan os Ventos, con moi grande aceptación, tanto polo carácter poético ou reivindicativo das súas cancións (moitas deles de poetas chairegos), como pola música de raizame popular de moitas delas. E o cantautor Suso Vaamonde musicou e popularizou as fermosas cantigas para nenos dos *Soños na gaiola* de Manuel María.

Nestes anos aparecen as primeiras revistas non clandestinas integramente en galego. De 1975 a 1978 editouse a publicación infantil e xuvenil *Vagalume*, que se nutría de

materiais de escolas que se galeguizaban e que acadou boa difusión e influencia galeguizadora. Entre novembro de 1976 e agosto de 1977 editouse o semanario *Teima. Revista galega de información xeral*, e de maio 1980 a maio de 1981 apareceu o mensual *Man Común*. O semanario *A Nosa Terra* na súa nova etapa comezou a editarse ininterrompidamente en decembro de 1977.

A finais dos anos 70 e comezos dos 80 tamén tería contribuído á visibilidade e dignidade da lingua galega o volume *Galicia. Realidade económica e conflito social*, ó que corresponden diversas citas deste relatorio. De autoría colectiva e promovido polo Servizo de Estudos do Banco de Bilbao, ese volume ía ser un galano para os seareiros do banco e difundido entre xente interesada de dentro e de fóra de Galicia. O libro tiña tal calidade, tanto científica como de impresión, que sería unha boa axuda para demostrar ¡en 1978! que a daquela desprestixiada e humilde lingua galega era apta para tratar calquera tema; pero foi autosecuestrado polo propio banco, o que sen dúbida ningunha constituíu un atentado contra a cultura e contra a lingua galega.

O Banco de Bilbao concibía unha obra totalmente galega e de autoría de investigadores galegos, cunha visión máis ampla cá económica e cun tratamento crítico da problemática de cada un dos sectores que se ían analizar. Da dirección e coordinación xeral da obra encargouse José Antonio Durán, que contou con 28 especialistas, de ideoloxías ben diferentes, pero de indiscutible competencia no tema analizado, e coa colaboración de Luís Seoane, que fixo a pintura da cuberta do libro. Rosario Álvarez e eu mesmo ocupámonos da revisión lingüística dos textos en galego e de traducir a esta lingua os orixinais redactados en castelán, que eran a maioría, ademais de traducirmos ó castelán textos en galego.

As dúas versións dese volume saíron da imprenta en novembro de 1978, pero o banco decidiu non distribuílos –non houbo nunca explicación oficial– nin aceptou que a obra se distribuíse baixo a exclusiva responsabilidade dos autores. Envioulle a cada colaborador un exemplar das dúas versións, pagou as colaboracións e en carta persoal dicía que cada autor podía dispoñer do seu propio traballo, o que para os que nos ocupamos da revisión e tradución tiña un aquel de certo sarcasmo, pois viamos como quedaba en auga de ovos todo o traballo feito para tratar de solucionar moitos problemas lingüísticos, especialmente de terminoloxía, nun momento en que os materiais lexicográficos en galego eran tan escasos.

Verbo dese autosecuestro, un dos colaboradores do libro, o teólogo Torres Queiruga (1994: 67-68), nun artigo de 1979 denunciaba que, en pleno século XX, se reproducise «un típico procedemento inquisitorial», coa forza do diñeiro intentando matar, unha vez máis, a liberdade do espírito, o que constituía «unha vergoña para o banco e, en certo modo, unha vergoña para Galicia». O ocorrido, dicía Queiruga, era todo un símbolo, porque «nese libro secuestrado é moi difícil non ver unha imaxe do secuestro de Galicia. Calado e taponado o verdadeiro rostro dos seus problemas. Silenciada a súa voz. Calcados cos pés os seus dereitos». E o prestixioso teólogo e galeguista remataba dicindo: «Os crimes culturais poden manterse tapados por algún tempo, pero unha fatalidade histórica

ensina que acaban volvéndose contra os seus autores. Por moito que o disimulen. Por poderosos que sexan».

Transcorreran 26 anos sen que se saiba que foi dos 4.000 exemplares da versión galega e dos 8.000 da versión castelá, e sen que os actuais herdeiros do Banco de Bilbao se desculpasen publicamente por tal atentado cultural. Varias citas desta miña intervención están tiradas dese libro «invisible»; e quen lea ese berro de autenticidade que é o *Eu renazo galego* (1983) de Xosé Chao Rego, que acaba de reeditarse, achará diversas citas desas «malfadada edición que sobre Galicia fixo e desfixo ese Banco», en definición do propio Chao.

5. A IGREXA E A ENTRADA DO GALEGO NA LITURXIA

O concilio ecuménico Vaticano II, que no 1962 convocou Xoán XXIII e que clausurou Paulo VI no 1965, permitiu o uso das linguas propias na liturxia no canto do latín; pero en Galicia, cando se aplicaron as normas conciliares, a lingua vernácula non era o galego, senón o castelán, nin sequera, como salientou Torres Queiruga (1978: 558) como dereito para o fiel que o pedía ou para o sacerdote que procuraba unha determinada cerimonia en galego. E isto, a pesar da evidencia masiva e popular do emprego do galego, e a pesar de que tanto en Cataluña como en Euskadi, espontánea e inmediatamente, se asumiu o propio idioma na liturxia, o que en Galicia non ocorrería antes de 1969 mercé ó labor de sacerdotes comprometidos co país.

Nos anos 60 e 70 o noso episcopado non se compromete cos grandes problemas de Galicia, agás de xeito illado e individual Miguel Anxo Araújo Iglesias, bispo de Mondoñedo-Ferrol, que tratou o tema do idioma na súa pastoral *A fe cristiá ante a cuestión da lingua galega* (1975). Monseñor Araújo fora ordenado bispo na catedral de Ourense en setembro de 1970, no primeiro acto de ordenación en que se usou o galego, só nos textos que cantou a coral «De Ruada» de Ourense. No gusto polo galego nas misas e actos deste tipo tiveron moito que ver as corais, como pasaba na misa das Capuchinas da Coruña, que celebraba Xosé Morente Torres, que en 1965 traducira os *Evanxelios* xunto con Manuel Espiña Gamallo.

Cregos concienciados e galeguizados van usar o galego na liturxia en 1969 e logo en diversas publicacións, como na carpeta *Boa Nova*, que procuraba unha pastoral incardinada na realidade galega, onde se acabou usando de xeito exclusivo a lingua de Rosalía. E cando en febreiro de 1977 aparece a revista bimestral *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, dirixida ata o día de hoxe por Andrés Torres Queiruga, o galego será o único idioma. Esta revista publicouse baixo o selo de SEPT, editorial de orixe leiga que no mundo cristián dos anos 70 xogou un papel semellante ó de Galaxia no cultural. Entre outras iniciativas de SEPT está a tradución da Biblia ó galego.

Xosé Chao Rego foi o creador e principal impulsor da Romaxe de Crentes Galegos que empezou en setembro do 1978 no pedregal de Irimia, nas fontes do pai Miño. En

palabras de López Muñoz (2003: 7-8), non existe en Europa nada comparable ó fenómeno Irimia, «un movemento de ampla base popular, capaz de reunir anualmente a preto de dez mil persoas arredor dun gran encontro itinerante no que se funde a celebración festiva e a reivindicación socio-política, o rito máis xenuíno dos cristiáns e a solidariedade expresa coas correntes laicas da emancipación humana, a creación dunha simbólica propia e o formato tradicional dunha romaría». A asociación civil de carácter cristián-galeguista Irimia comezou a editar en setembro de 1981 a revista semanal *Irimia*, que pasou a quincenal en 1987.

6. A UNIVERSIDADE E O ENSINO NON UNIVERSITARIO

A Universidade de Santiago de Compostela implantou no curso 1965-66 a materia de Lingua e Literatura Galega, que axiña se separou en dúas materias, unha de lingua e outra literatura moderna, opcionais para estudantes de Historia e de Románicas, que tamén podían cursar Lingua e Literatura Galaico-Portuguesa Medieval. Ricardo Carballo Calero, que impartía estas materias, en 1972 converteuse no primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega da USC.

En xullo de 1971 creouse na Universidade compostelá o Instituto da Lingua Galega, dirixido por Constantino García ata 1990, que tiña como primeiro fin inmediato «o estudo, a promoción e o cultivo da lingua galega». Consonte con isto, o ILG comezou a editar un método de galego en tres volumes: *Gallego 1* (1971), redactado en castelán, *Gallego 2* (1972) e *Gallego 3* (1974), xa en galego. Nos anos 70 ese método foi moi empregado na impartición de moi diversos cursos para aprendizaxe do galego, o que explica as reimpresións e reedicións ata comezos dos 80. En colaboración co ICE da USC, nos anos 70 o ILG organizou cursos de diferentes niveis de galego para o profesorado de EXB, para os que elaborou diverso material didáctico, á vez que colaborou na supervisión lingüística de revistas como *Vagalume* ou *Teima* (Fernández Rei 1991).

Ó abeiro da Lei Xeral de Educación de 1970, que prevía a introdución das chamadas linguas vernáculos no ensino, e consonte coas recomendacións da UNESCO e do Vaticano II, Valentín Arias publicou *A lingua galega na escola* (1970). E anos despois editárase o método global de lecto-escritura *Picariños* (1975), produto final dun método que se experimentara os anos anteriores en varias escolas e que se programaba desde a Asociación de Mestres Católicos da Coruña.

En 1975, ano en que o Goberno español ditara o Decreto 2929 que permitía no ensino, baixo certas condicións, o uso das «linguas nativas españolas», ese ano difundíuse o *Manifesto da Universidade de Galicia*, que reclamaba unha nova Universidade galeguizada, democrática, popular e científica; e en 1976 difúndese por toda Galicia o *Manifesto dos ensinantes de Galicia*, elaborado desde o ámbito nacionalista por ensinantes da UTEG e dos partidos UPG e PSG, para reclamar un ensino en galego que superase o conflito lingüístico, que se interpretaba coas formulacións do nacionalista galego Fran-

cisco Rodríguez Sánchez e do valenciano R. Ninyoles (Costa Rico 2004: 1097-1098). Para os redactores do *Manifesto* era «imprescindíbel ultrapasar a actual situación de conflito lingüístico entre galego e castelán, mediante a total normalización do galego en tódolos eidos da vida social».

Segundo García Negro (1991: 149-150), o sindicato UTEG, pioneiro na galeguización do ensino, supuxo unha quebra da omnímoda presenza do español no sector do ensino, así como da liña bilingüista (versión española ou galega). A práctica deste sindicato nacionalista permitirá, por primeira vez de xeito organizado, a existencia de clases de matemáticas, de historia ou de química en galego; isto era adiantarse considerablemente ás previsións legais sobre a introdución do galego no ensino. O chamado «Decreto de bilingüismo» é de 1979.

En conexión coa UTEG, en 1978 comezou as súas actividades a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (AS-PG), que en novembro de 1980 comezou a editar bimestralmente (e logo anualmente) *O ensino. Revista galega de socio-pedagogía e sociolingüística*, á vez que organizaba, entre outros actos, xornadas do ensino. En 1978 o Movemento Cooperativo da Escola Popular Galega comezou a publicación d' *As Roladas-2*, a primeira revista pedagóxica en galego; e ese ano constituíuse o Sindicato Galego de Traballadores do Ensino (SGTE), despois do fracaso do intento de asentir unha organización sindical unitaria, autónoma e progresista do profesorado galego. En 1979 os sindicatos de ensino CC.OO e FETE-UGT organizan en Vigo a I Escola de Verán (Costa Rico 2004: 1101-1102).

7. AMABLE INTRANSIXENCIA NO USO DA LINGUA GALEGA

A reivindicación política de Galicia como entidade nacional diferenciada entre os pobos que constitúen o Estado Español, así como a reivindicación sociocultural e sociopolítica do uso do galego polos nacionalistas, coa conseguinte «galeguización» política e lingüística das organizacións de ámbito estatal, son fenómenos totalmente interrelacionados na Galicia dos anos 70. Proba evidente da interconexión entre a defensa social e política da lingua foi a campaña da *Frente Cultural* da AN-PG (xaneiro do 1979), co lema *Idioma Galego, Idioma Oficial*, na que se corruxiron 2.000 topónimos en resposta ás fortes sancións económicas que o Goberno Civil de Ourense impuxera en decembro de 1978 a militantes desa organización por galeguizaren topónimos en castelán.

O retroceso político do nacionalismo de esquerdas a finais dos anos 70 e comezos da etapa autonómica tivo unha mostra indirecta no abandono progresivo do galego por sectores políticos e intelectuais que uns anos antes o defendían publicamente. Nas eleccións xerais de 1982 a campaña fíxose en castelán en Galicia, agás por parte dos partidos nacionalistas e da esquerda estatal extraparlamentaria.

Verbo desta situación, Leuter Bembo (1982: 5) dicía que, cando na transición española era unha incógnita o futuro do nacionalismo galego, «os xornais, os partidos, os

sindicatos, todo o mundo se volcaba no uso do galego e ondeaba ‘bandeirolas regionales’ en manifestacións pro-autonomía. A vanguardia da esquerda nacionalista afloxou. Os arribistas abandonaron como ratas o barco. Hoxe, a consigna é enterrar o nacionalismo como práctica e como política de progreso. A consigna é enterrar o galego».

A mediados dos anos 80 fixérase o proxecto dun monográfico sobre a situación da lingua galega para *International Journal of the Sociology of Language (IJSL)*, publicación que dirixía Joshua A. Fishman. A min encargáranme un tema moi semellante ó que tratei nesta mesa redonda. Á parte da miña experiencia persoal e da consulta do meu arquivo persoal, para facer esa colaboración entrevistei a xente de institucións, partidos e sindicatos que tiveran que ver coa introdución do galego nas respectivas organizacións. Con Ramón Piñeiro falei sobre o estado da Real Academia Galega, daquela bastante durmida e que estaba sendo reducida de 40 a 25 membros; con Méndez Ferrín falei do nacemento da UPG e da UTEG dos anos 70, que xogou un papel tan activo na galeguización do ensino; con Xosé Manuel Beiras falei do PSG e con Alonso Montero do PCG; con Xosé M^a Masa falei do MCG, con Fausto Dopico do Colectivo Socialista e do PSdG-PSOE, e con Antón Costa do POG e de Esquerda Galega.

Consultei voceiros e moi diversos documentos que estes entrevistados puxeron á miña disposición. E tamén consultei o arquivo de prensa e as diferentes publicacións da UPG do local compostelán da rúa Pérez Constanti, que no seu día amablemente puxo á miña disposición Manuel Vázquez Cao; e igualmente, mercé a Rosario Cereixo, na sede que daquela o BNG de Santiago tiña na rúa Santiago de Chile, puider consultar as moi diversas publicacións da AN-PG e dos sindicatos nacionalistas. Foi un traballo inxente, pero moi gratificante, que me permitiu ter de primeira man unha información excelente, á parte do pracer de falar horas e horas con galeguistas e nacionalistas que antes só coñecía de saudar ou a través da súa obra escrita.

Non se editou ese monográfico, porque algúns dos que se comprometeran non fixeran a súa parte. Aproveitei o material para redactar unha comunicación para o congreso de romanística que en 1989 organizou a Universidade de Santiago (Fernández Rei 1994) e un artigo para o nº 1 d’ *A Trabe de Ouro* (Fernández Rei 1990). Despois de redactar estes traballos quedoume moi claro que o estado da normalización do galego era o froito da epopea de escritores, políticos, membros de asociacións socioculturais, ensinantes, músicos, artistas, xornalistas e tanta outra xente que creu e que cre na construción deste país chamado Galicia e na construción dunha lingua culta e con arrecendo popular, como principal sinal identitario. E nesa epopea o nacionalismo político foi o principal motor da dignificación e da presenza pública na década dos anos 70, de igual xeito que o nacionalismo sociolóxico foi o motor dignificador nos anos 80, a pesar de que nas primeiras lexislaturas tivo escasa presenza política no Parlamento Galego.

É obvio que a lingua galega non é propiedade dos nacionalistas. A lingua é de todos, dos galegos de nación e dos galegos de corazón, dos que a usan consciente ou inconscientemente e dos que poidan acabar usándoa. Agora ben, non dubido que o dinamizador da dignificación e da plena normalización seguirán sendo, fundamentalmen-

te, os nacionalistas, os que teñen carné e os que non o teñen, por non creren nin nos carnés nin nos partidos, por moi necesarios que estes sexan no funcionamento do actual sistema; por iso, nesta xeira de desleixo xeneralizado no uso do galego a nivel oficial e de fortísima perda da transmisión familiar da lingua, os nacionalistas temos que ser amablemente intransixentes no uso diario do galego.

REFERENCIAS

- Bembo, Leuter (1982): «O uso público do galego en retroceso», *Espiral. Periódico independentista* 1 (decembro de 1982), 5.
- Conde Muruais, Perfecto (1978): «O outro periodismo. A comunicación clandestina», en Durán, José Antonio (dir. e coord.): *Galicia. Realidade económica e conflito social*. Banco de Bilbao. Servicio de Estudios, 443-455.
- Costa Rico, Antón (2004): *Historia da educación e da cultura en Galicia (séculos IV-XX). Permanencias e cambios no contexto cultural e educativo europeo*. Vigo: Xerais.
- Costas González, Xosé Henrique (1999): «Valverdeiro, lagarteiro e mañego: O ‘galego’ do Val do Río Ellas (Cáceres)», en Fernández Rei, Francisco / Santamarina, Antón (eds.): *Estudios de sociolingüística románica. Linguas e variedades minorizadas*. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 83-106.
- Fernández Rei, Francisco (1990): «Nacionalismo e dignificación da lingua galega no período 1972-1980», *A Trabe de Ouro. Revista galega de pensamento crítico* 1 (1990), 43-71.
- Fernández Rei, Francisco (1991): «O Instituto da Lingua Galega (1971-1990). Contribución á investigación e á normalización do galego», en Brea, Mercedes / Fernández Rei, Francisco (coords.): *Homenaxe ó Profesor Constantino García, T. I*, Santiago de Compostela: Departamento de Filoloxía Galega. Servicio de Publicacións da Universidade, 15-46.
- Fernández Rei, Francisco (1994): «Contribución das organizacións políticas á normalización da lingua galega (1963-1989)», en Lorenzo, Ramón (ed.): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas. Universidade de Santiago de Compostela 1989*, vol. VI, 51-74.
- Fernández Rei, Francisco (2003): «A situación do galego nas comarcas occidentais de Asturias, León e Zamora», en Monteagudo, Henrique / Bouzada Fernández, Xan M. (coords): *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000*. Vol. III *Elaboración e difusión da lingua*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 363-423.

- Fernán-Vello, Miguel Anxo / Pillado Mayor, Francisco (1989): *A nación incesante. Conversas con Xosé Manuel Beiras*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Freixanes, Víctor F. (1978): «O cine e o disco. Os seus medios de produción», en Durán, José Antonio (dir. e coord.): *Galicia. Realidade económica e conflito social*. Banco de Bilbao. Servicio de Estudios, 515-531.
- García Martínez, Carlos / García-Bodaño, Salvador (1978): «Movemento intelectual e industria da cultura», en Durán, José Antonio (dir. e coord.): *Galicia. Realidade económica e conflito social*. Banco de Bilbao. Servicio de Estudios, 409-428.
- García Negro, M^a Pilar (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*. Vilaboa: Edicións do Cumio.
- López Muñoz, Daniel (2003): *Conversa con Chao Rego. Dende a Serra de Meira á Guarda mareira*. Vigo: Xerais.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1977): «O nacionalismo cara ó futuro», *Teima. Revista galega de información xeral* 32 (21-28 xullo 77), 43-45.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1988): «Vinte anos despois», *Diario de Galicia* (25.7.88), 39.
- Rivas, Manuel / Taibo, Xoán Ignacio (1977): *Os partidos políticos na Galiza*. A Coruña: Ruedo.
- Torres Queiruga, Andrés (1994): «Secuestrar un libro», na colectánea do autor *Rolda de ideas*. Vigo: Sept, 66-68 [o artigo publicouse o 16.12.1979].